



## ACTA Nº 2021/11

### SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 27 de agosto de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA
<b>AUSENTE:</b> ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA (XUSTIFICA AUSENCIA)

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

➔ **Borrador da sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2021**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes á sesión.

**DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO**

**2. Proposta da Alcaldía relativa á Modificación do artigo 42 da Ordenanza Reguladora da Gardería Municipal no Concello de Cee e do artigo 11.3 do Regulamento de Réximen Interior da Escola Infantil Municipal Vila da Xunqueira Cee. EXPEDIENTE Nº: 2021/G014/000001**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 23 de agosto de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

## **2. Proposta da Alcaldía relativa á Modificación do artigo 42 da Ordenanza Reguladora da Gardería Municipal no Concello de Cee e do artigo 11.3 do Regulamento de Réximen Interior da Escola Infantil Municipal Vila da Xunqueira Cee. EXPEDIENTE Nº: 2021/G014/000001**

Considerando a seguinte:

### **“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Modificación do artigo 42 da Ordenanza Reguladora da Gardería Municipal no Concello de Cee e do artigo 11.3 do Regulamento de Réximen Interior da Escola Infantil Municipal Vila da Xunqueira Cee.

**EXPEDIENTE Nº:** 2021/G014/000001

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que o artigo Artigo 42.º da Ordenanza Reguladora da Gardería Municipal no Concello de Cee, literalmente establece:

*“Artigo 42.º.–Período de peche e vacacións.*

*A GM establecerá como non lectivos os festivos nacionais, autonómicos e locais (que se comunicarán con antelación), así como o día da celebración de Santa Rita.*

*Os días 24 e 31 de decembro o horario de apertura das GM será de 8.00 á 13.00 horas.*

*O día 5 de xaneiro pechará unha vez rematada a visita dos Reis Magos.*

*Serán valoradas pola Comisión de baremo as situacións familiares que acrediten a imposibilidade do cumprimento, sendo a decisión do órgano a que prevalece, podendo elevar á Alcaldía as medidas sancionadoras que considere que deben aplicarse..”*

Considerando que no mesmo senso, o artigo 11.3 do Regulamento de Réximen Interior da Escola Infantil Municipal Vila da Xunqueira Cee, indica:

*“11.3.-Período de peche e vacacións.*

*A EIM establecerá como non lectivos os festivos nacionais, autonómicos e locais (que se comunicarán con antelación), así como o día da celebración de Santa Rita.*

*Os días 24 e 31 de decembro o horario de apertura da EIM será de 8.00 a 13.00 horas.*

*O día 5 de xaneiro pechará unha vez rematada a visita dos Reis Magos.*

*Serán valoradas pola Comisión de Baremo as situacións familiares que acrediten a imposibilidade do cumprimento, sendo a decisión do órgano a que prevalece, podendo elevar á Alcaldía as medidas sancionadoras que considere que deben aplicarse.”*

Resultando que a data de hoxe, a Gardería Municipal é prestada mediante a modalidade dun contrato administrativo de servizos, cuxo persoal forma parte do cadro da empresa adxudicataria de tal servizo, a diferenza do momento da redacción da ordenanza e regulamento citados, que se prestaba de forma directa pola Administración, sendo, nese momento, aplicable o Convenio Colectivo de persoal laboral do Concello de Cee, a dito persoal laboral do Concello de Cee, en concreto o artigo 15 que regula: O día de Santa Rita será festivo a todos os efectos. Non tendo a día de hoxe, o persoal ese carácter (únicamente unha técnica especialista en xardín de infancia que si é aplicable tal convenio), senón que forma parte do cadro da adxudicataria, como xa se indicou, carece de sentido a redacción do artigo,



procedendo a eliminar o día da celebración de Santa Rita como día de peche da Gardería.

Á vista do exposto, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

**PRIMEIRO.-** Aprobación inicial:

A) Da modificación do artigo 42 da Ordenanza Reguladora da Gardería Municipal no Concello de Cee, cuxa regulación será a que se detalla:

“Artigo 42.º.-Período de peche e vacacións.

A GM establecerá como non lectivos os festivos nacionais, autonómicos e locais (que se comunicarán con antelación).

Os días 24 e 31 de decembro o horario de apertura das GM será de 8.00 á 13.00 horas.

O día 5 de xaneiro pechará unha vez rematada a visita dos Reis Magos.

Serán valoradas pola Comisión de baremo as situacións familiares que acrediten a imposibilidade do cumprimento, sendo a decisión do órgano a que prevalece, podendo elevar á Alcaldía as medidas sancionadoras que considere que deben aplicarse.”

B) Da modificación do artigo 11.3 do Regulamento de Réximen Interior da Escola Infantil Municipal Vila da Xunquera Cee, cuxa redacción será:

“Artigo 11.3.-Período de peche e vacacións.

A EIM establecerá como non lectivos os festivos nacionais, autonómicos e locais (que se comunicarán con antelación).

Os días 24 e 31 de decembro o horario de apertura da EIM será de 8.00 a 13.00 horas.

O día 5 de xaneiro pechará unha vez rematada a visita dos Reis Magos.

Serán valoradas pola Comisión de Baremo as situacións familiares que acrediten a imposibilidade do cumprimento, sendo a decisión do órgano a que prevalece, podendo elevar á Alcaldía as medidas sancionadoras que considere que deben aplicarse.”

**SEGUNDO.-** O Acordo de aprobación inicial publicarase no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello e abrirase período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.-** Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da Ordenanza e Regulamento, as alteracións derivadas da resolución das alegacións. No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial. O Acordo de aprobación definitiva [*expresa ou tácita*] do Regulamento, co texto íntegro da mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



**votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

## INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta e xa foi debatido en comisión.  
Non se producen intervencións.

## VOTACIÓNS

**Sométese á votación a Proposta da Alcaldía e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 7 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.**

### DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

**3. Proposta da alcaldía relativa á Aprobación inicial do proxecto da obra “Mellora do sistema de saneamento dos concellos de Cee e Corcubión (A Coruña)”, de clave: OH.15 e outros acordos a adoptar. CLAVE: OH.315.1195. EXPEDIENTE MUNICIPAL: 2020/X999/000172.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día luns 23 de agosto de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**2. Proposta da alcaldía relativa á Aprobación inicial do proxecto da obra “Mellora do sistema de saneamento dos concellos de Cee e Corcubión (A Coruña)”, de clave: OH.15 e outros acordos a adoptar. CLAVE: OH.315.1195. EXPEDIENTE MUNICIPAL: 2020/X999/000172.**

Considerando a seguinte:

### PROPOSTA ALCALDÍA

**ASUNTO:** Aprobación inicial do proxecto da obra “Mellora do sistema de saneamento dos concellos de Cee e Corcubión (A Coruña)”, de clave: OH.15 e outros acordos a adoptar.

**CLAVE:** OH.315.1195

**EXPEDIENTE MUNICIPAL:** 2020/X999/000172.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o escrito remitido a este Concello por Augas de Galicia, no cal literalmente indica:

*“(…) Co fin de continuar coa tramitación do expediente para proceder á execución das obras, e de acordo co disposto no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, modificado polo Decreto 1/2015 do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresarias en Galicia, requírese a realización dos seguintes trámites e a remisión da documentación que segue a continuación:*

**1º.- Realización dun trámite de *información pública* de acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, modificado pola Lei 5/2017 do 19 de outubro, mediante a publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de vinte días (20) días hábiles.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Unha vez rematado o dito trámite remitirase a Augas de Galicia un **certificado do Secretario/a** do Concello acreditativo do seu resultado e, de ser o caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas.

2º.- **Certificado do Pleno** do Concello (ou da Xunta de Goberno, no caso de ter delegadas as competencias, facendo constar expresamente o acordo de delegación) onde se adopten os seguintes acordos:

1. Aprobación inicial do proxecto da obra "Mellora do sistema de saneamento dos concellos de Cee e Corcubión (A Coruña)", de clave: OH.15.1195, unha vez rematado o trámite de información pública.
2. Compromiso de facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.
3. Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.
4. Compromiso do establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.
5. Compromiso da posta a disposición dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames para a normal execución das obras
6. Ratificar a solicitude efectuada pola Alcaldesa de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.

3º.- **Certificación acreditativa da dispoñibilidade de terreos** onde conste expresamente que "Que o Concello pon a disposición da Administración hidráulica de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras", ou, se for o caso, certificación acreditativa do inicio do correspondente procedemento expropiatorio.

Non se iniciará a licitación das obras ata que non se dispoña do certificado do Secretario/a en virtude do cal se acredite que o Concello dispón de todos os bens e dereitos necesarios para a execución das obras, xa sexan de titularidade pública ou privada, así como a súa posta a disposición da Administración hidráulica de Galicia para tal fin. (...)"

Resultando que obra informe do encargado do rexistro, emitido o 17 de agosto de 2021, co seguinte tenor literal;

"JAVIER LANDEIRA RIAL, funcionario auxiliar administrativo, encargado do rexistro xeral de documentos do Concello de Cee:

**INFORMO QUE:**

Examinado o rexistro xeral de documentos, informatizado dende 01/01/1998, cabe sinalar en relación ao expte MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DOS CONCELLOS DE CEE E CORCUBIÓN, (A CORUÑA), EXPTE 2020/X999/000172, BOP NUMERO 132 DE DATA 15 DE XULLO DE 2021, no prazo de presentación de alegacións ou suxestións, do 16/07/2021 ao 12/08/2021, ámbalas datas inclusive, non consta no rexistro ningún asento que faga referencia á cuestión que se formula.

Para que así conste, ós oportunos efectos, firmo o presente."

Considerando que foi emitido Certificado de Secretaría para súa remisión a Augas de Galicia, constando a non formulación de alegacións ou suxestións ao trámite de información pública outorgado.

Resultando que consta informe de fiscalización emitido o día 18 de agosto de 2021 pola interventora municipal, que literalmente conclúe:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## “(…)FISCALIZACIÓN DO EXPEDIENTE (EXTREMOS A COMPROBAR).

### RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

- Devolución do expediente ó departamento de orixe.
- Fiscalizado de conformidade.
- Fiscalizado de desconformidade (Ver anexo).

### EFFECTOS.

- Devolución do expediente para subsanación de erros e/ ou aportación dos documentos omitidos.
- Procede a tramitación do expediente pero debe completarse.
- Sen efectos suspensivos, xa que en materia de ingresos non procede a suspensión do procedemento en ningún caso. Non obstante, o reparo si se realizara o feito impositivo formará parte do resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos do exercicio 2021 e que Intervención debe elevar ó Pleno da Corporación en cumprimento da obriga imposta polo artigo 218 do RDL2/2004

### ANEXO: OBSERVACIÓN.

Sómese a consideración a necesidade de adoptar o acordo de comprometerse a facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixible con motivo das obras de Mellora do sistema de saneamento dos concellos de Cee e Corcubión.

A día de hoxe non se dispón dos datos necesarios para determinar que feitos impositivos se van a realizar para determinar o alcance deste compromiso. Consultada coa oficina técnica e pendente de determinar o procedemento aplicable a esta obra esta Intervención ten a obriga de advertir a necesidade de proceder a liquidación de todas aquelas taxas e impostos sempre que non haxa unha normativa que exima do cumprimento da mesma.

Este é o meu informe que remito ó órgano competente para decidir para que obre conforme a dereito. Asinado dixitalmente.”

Consecuencia do informe de fiscalización, emítase informe conxunto da Secretaria Municipal e o Arquitecto municipal, que conclúe:

Á vista do exposto, a actuación e cuestión que se somete a informe, non precisa licenza municipal, nin estarán suxeita a ningún outro acto de control preventivo municipal, en base aos fundamentos indicados (D.A.8ª Lei de Augas e por remisión artigo 29.2 do mesmo texto legal, e por Decreto 59/2013, de 14 de marzo, dado que foi asinado o convenio de colaboración).

Co gallo de finalizar a tramitación esixida no escrito referenciado, e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Aprobación inicial do proxecto da obra “*Mellora do sistema de saneamento dos concellos de Cee e Corcubión (A Coruña)*”, de clave: OH.15.1195, unha vez rematado o trámite de información pública.
2. Compromiso de facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.
3. Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.
4. Compromiso do establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.
5. Compromiso da posta a disposición dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames



- para a normal execución das obras
6. Ratificar a solicitude efectuada pola Alcaldesa de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.
  7. Na execución do proxecto da obra, deberán respetarse e cumprirse, as autorizacións/informes sectoriais así como as condicións establecidas nas mesmas/os.

Asinado dixitalmente ao marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstencións do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

## INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta non se presentaron alegacións no período de consultas e tráese á votación a aprobación do proxecto.  
Non se producen intervencións.

## VOTACIÓNS

**Sométese á votación a Proposta da Alcaldía e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.**

**DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS**  
**4. Proposta da Alcaldía relativa á Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e don José Vila Blanco relativo a concesión do posto tipo e local 31 mercado de abastos. Expediente Nº 2019/X999/000031.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 23 de agosto de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**2. Proposta da Alcaldía relativa á Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e don José Vila Blanco relativo a concesión do posto tipo e local 31 mercado de abastos. Expediente Nº 2019/X999/000031.**

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO.-** Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e don José Vila Blanco relativo a concesión do posto tipo e local 31 mercado de abastos. Expediente Nº 2019/X999/000031.

**Vista** a tramitación seguida que obra no expediente.  
**Considerando** a proposta da Instrutora, do seguinte tenor literal:

## ACORDO DA INSTRUTORA DO PROCEDIMENTO DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL DO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONTRATO ADMINISTRATIVO ASINADO O 19 DE XANEIRO DE 2004 ENTRE O CONCELLO DE CEE E DON JOSÉ VILA BLANCO RELATIVO A CONCESIÓN DO POSTO TIPO E LOCAL 31 MERCADO DE ABASTOS.

### ANTECEDENTES

1. Contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Don José Vila Blanco.
2. Informe da Tesoureira Municipal emitido en data 19 de febreiro de 2019.
3. Informe de Secretaría e Intervención
4. Acordo plenario de data 26 de febreiro de 2021.
5. Informe de data 11 de maio de 2021 relativo a non presentación de alegacións en trámite de audiencia.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

— Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (En adelante TRLCAP)

— O artigo 109 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

— O Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réximen Local.

— Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no novo mercado de abastos da Vila de CEE.

— Prego de Cláusulas Económico-Administrativas para a concesión mediante subasta dos postos de venda e cafetería do novo mercado de abastos da Vila de CEE aprobado en sesión plenaria do 3 de outubro de 2003.

— Contrato Administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004.

Producida a entrada en vigor da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, a súa Disposición transitoria primeira establece que os contratos administrativos adjudicados con anterioridade á entrada en vigor do mesmo, rexeranse en canto á súa extinción, entre outros aspectos, pola normativa anterior. Agora ben, para a determinación da lei aplicable ao procedemento de resolución, debemos remitirnos ao momento de incoación do procedemento, data na que está vixente o TRLCAP.

### CUESTIÓN ÚNICA

Conforme informe emitido o 11 de maio de 2021, a parte interesada non presenta alegacións ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 26 de febreiro de 2021, no cal se resolvía incoar o procedemento de resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e D. José Vila Blanco relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos.

En consecuencia, o concesionario (Herdeiros) en momento algún aportan documentación ou propón proba a efectos de refutar a documentación e informes polos cales se aperturou o procedemento, polo que **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** A resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





o Concello de Cee e D. José Vila Blanco relativo a concesión do posto Tipo F Local 31 Mercado de Abastos.

**SEGUNDO.** Incautación da garantía constituída a cal consta no expediente que o concesionario efectuou en data 9 de decembro de 2003 o mandamento de ingreso Nº 693 pola cantidade de 120,46 euros como fianza definitiva depositada pola adxudicación do posto.

**TERCEIRO.** -En canto a indemnización de danos e perxuízos a favor da Administración, respecto ao cálculo se estará ao que proceda acordar na correspondente peza separada no que exceda do importe da garantía definitiva..

**CUARTO.** Trasládase o presente acordo á parte interesada: Herdeiros de D. José Vila Blanco, outorgando un prazo de 15 días a efectos de que poida formular as alegacións que estime oportunas, indicando que o expediente está a súa disposición nas oficiñas do Concello

A instrutora do procedemento:

Patricia Tellado Campos.

Asinado dixitalmente ó marxe.”

**Resultando** que obra informe emitido polo encargado do rexistro da Corporación, que se transcribe:

*“FRANCISCO JAVIER LANDEIRA RIAL, funcionario auxiliar administrativo, encargado do rexistro xeral de documentos do Concello de Cee:*

**INFORMO QUE:**

*Examinado o rexistro xeral de documentos, informatizado dende 01/01/1998, cabe sinalar en relación ao procedemento de resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro do 2004 entre o concello de Cee e José Vila Blanco, relativo a concesión dun posto tipo E, local 31, do mercado de abastos, expediente nº 2019/X999/000031, non sendo posible a práctica da notificación no domicilio do interesado, e anunciándose no BOE Nº 142 de data 15/06/2021, no prazo conferido para a presentación de alegacións, do 16/06/2021 ao 07/07/2021, ámbalas datas inclusive, non consta no rexistro ningún asento que faga referencia á cuestión que se formula.*

*Para que así conste, ós oportunos efectos, firmo o presente.*

*Asdo. Francisco Javier Landeira Rial*

*[Asinado dixitalmente]”*

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

**PRIMEIRO.-** Acorda a resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e don José Vila Blanco relativo a concesión do posto tipo e local 31 mercado de abastos, en base a Proposta Instrutora que consta transcrita no Expositivo e considerando que non constan alegacións presentadas nos trámites outorgados.

**SEGUNDO.** Incautar a garantía constituída a cal consta no expediente que o concesionario efectuou en data 9 de decembro de 2003 o mandamento de ingreso Nº 693 pola cantidade de 120,46 euros como fianza definitiva depositada pola adxudicación do posto.

**TERCEIRO.** -En canto a indemnización de danos e perxuízos a favor da Administración, respecto ao cálculo se estará ao que proceda acordar na correspondente peza separada no que exceda do importe da garantía definitiva.

**CUARTO.** -Notificar o presente acordo á parte interesada: Herdeiros de D. José Vila Blanco, coa indicación expresa dos recursos que cabe interpor.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Asinado dixitalmente ao marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA”

## INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa di que xa coñecen a proposta.  
Non se producen.

## VOTACIÓNS

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 7 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

## B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

### 5. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

➔ **Da N° 756/2021 do 23 de xullo á N.º 845/2021 de 20 de agosto.**

Quedan enterados/as.

### 6. Mocións de urxencia.

Non se producen.

### 7. Rogos e preguntas.

Intervén a Sra Díaz Mejuto: queríamos volver a interesarnos por el plan general, sabíamos que se iba a reunir con los técnicos para hacer que se aceleraran los trámites y saber como va la reforma puntual para los áticos y la nava de Codesos y también el pliego de condiciones de la basura, de la gestión de residuos djiste que tenías el plan económico y faltaba algunos problemas por resolver, con el tema de personal saber si está listo y convocar las comisiones.

Sra alcaldesa: las comisiones se van a convocar en la semana del 6 de septiembre, la del plan xeral como para estudiar el tema del pliego.

Sr Domiguez Louro: vairas cousiñas, do pleno pasado quedou pendente que se ía enterar pola limpeza das beirarrúas si usaron glisofato ou non, supoño que se interesaría.

Sra alcaldesa: preguntei e me contestaron que non utilizaban eso, de todas formas está o encargado do contrato, Rubén que pode dar maiores explicacións.

Sr Villar Agulleiro: xa se comentou fai tempo, si ben están autorizados, preguntado o tema non leva glisofato (intelixible).

Sr Domínguez Louro: en calquera caso non está prohibido o uso senón que é recomendable que non se use, si fixerades o favor de pedir a documentación sobre iso para cercionarnos que sexa así senon queda nunha declaración de intencións que non hai que desconfiar pero mellor. No pleno pasado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



tamen preguntei polo análise das augas das fontes, o pedin e non se me deu a documentación non sei porque razón.

Sra alcaldesa: respecto a anliis da fonte, me preguntaba no último Pleno pola do Son.

Sr Domínguez Louro: fudamentalmente pero as fontes todas sobre todo as que son habituais de consumo deberían de ter unha análise cada x tempo, haberá que ver cada canto tempo, falo da do Son porque é a que mais nos preocupaba porque as augas poden arrastrar residuos do antigo vertedoiro pero outras tamen, por exemplo, Bermún, moita xente para a recoller auga, pode estar pode ser froito dalgunha contaminación nalgún momento ou incluso a Fonte Feal ou a de non sei como se chama a zona, seguramente hai mais, se me ocorren esas 4, haberá mais en Brens e outras parroquias, esas sería fudamentalmente convinte nas que se consume a auga e cada x tempo, 3 ou 6 meses facer un control, ou no tempo que consideremos.

Sra alcaldesa: vou atender o rogo pero as fontes pon auga non tratada.

Sr Domínguez Louro: eso está clarísimo pero non significa que a xente as use e hai que ter tino delas, aparte que tome note, preguntei si había dixome que do Son non.

Sra alcaldesa: respecto o Son hai un traballador no Concello, que se adica a eso, foi alí a ponte do Son e pregunteille novamente despois do Pleno que había sucedido que non recordaba, dixome que era un problema de olor de gasoleo dunha vivenda cercana pero a auga non tiña problema, o final non había realizado a analítica, respecto as outras non se fixeron analíticas, atendendo o rogo nunca houbo queixa por parte destas fontes pero faranse as analíticas pero facela un día non significa que a semana seguinte sexa igual, o que se viña facendo son as analíticas na escola de Pereiriña, cando cheguei a alcaldía iban cada semana, dende que se fixo polo goberno a traída a Escola se deixaron de facer porque a auga xa é tratada.

Sr Domínguez Louro: se debería seguir interesando por iso porque a pesar que chega a auga da traída por moito que consuma a escola que consume pouco chega sin cloro alí, deberíanse facer, tou seguro que é mais sana a veciñal porque si non hai consumo o cloro se evapora en pouco tempo, outra cousa é que haxa consumo, que vai circulando, ante eso recomendaría que sigan facendo porque vai dar problemas igual, non me refiro que sexa perigosa pero pode selo. Falando de augas tamén falamos fai plenos do tema de raíces e nos pregunta a veciñanza para cando vai ser esa obra porque debe ser antes do inverno, e pode chegar en calquera momento

Sra alcaldesa: esa obra, esta semana firmouse a cesión por parte dunha das propietarias, para recollida de augas pluvias na zona, está solicitado permiso de augas fai mais dun mes e estamos pendente que chegue o permiso de augas, falei co xefe territorial para axilizar, cando o teñamos, se saca a licitación e se executa

Sr Domínguez Louro: falamos tamén no anterior Pleno do quiosco da Praza da Alameda, fíxose unha obra, sacouse a base e adoquínouse, que significa? vai desaparecer,?

Sra alcaldesa: foi simplemente unha reforma, para adecentar aquela zona, si poder observar están en diferente dirección e indica claramente o cadrado do quiosco, foi para adecenter e estaba pedida para pasar a xente, a auga se canaliza, se puxo unha arqueta, está perfectamente dibuxado, si hai algún interesado no quiosco que o solicite e se licitará novamente.

Sr Domínguez Louro: parece ser que se fixo a limpeza dese horreo que hai aí con máquina a presión, patrimonio deixa facer ese tipo de limpeza nos horeos?

Sra alcaldesa: non se fixo a semana pasada, fai tempo, limpiaron con auga non sei si a presión.

Sr Domínguez Louro: me comentaron que si, con auga a presión, eu on o vin pero mo comentaron, sería bo consultar con patrimonio, os horeos de antes do 1900 está prohibido seguro, porque son todos BIC pero creo que en calquera horreo tamén, de todas formas non estou seguro, sería bo



consultalo e a proxima vez si se fai, consultalo con patrimonio porque pode ser un problema e unha mais, a seman despois da xunqueira tivo en Caneliñas co Presidente de POrtos ou director.

Sra alcaldesa: cun técnico.

Sr Domínguez Louro: estivo tamén o dono do terreos da baleeira e si nos pode informar.

Sra alcaldesa: viñeron os de costas, un técnico porque van cerrar o acceso o que é a zona das dunas, pechar como está en Nemiña dende o pino da praia ata o contenedor, en diagonal, queda unha zona de aparcadoiro, esa zona para protexer a praia tomaron a decisión que van a pechar e por parte do titular da baleeira vai a deixar unha zona para poder aparcar, a valla que ten alí colocada a poran mais para atrás, e ampliar un pouco a zona de aparcadoiro.

Sr Domínguez Louro: fronte a praia.

Sra alcaldesa: a que está mais cerca da pista de cemento.

Sr Domínguez Louro: estaba tamén o alcalde de Dumbría

Sra alcaldesa: eso foi outro día, falamos de días distintos, estubo Pequeño, o de costas no puido vir polo tema de que querían mellorar o acceso a Caneliñas, por parte do propietario da baleeira quería ceder un trozo de terreo o concello para acceso de vehículos, deixar a zona peatonal e cedían un trozo de terreo para poder acceder por ese lado os vehículos e Pequeño veu polo tema de poder conseguir algun tipo de financiación pola deputación, simplemente foi por eso e o outro día veu o técnico de costas pero polo outro tema, non ten que ver unha cousa coa outra.

Sr Domínguez Louro: a cambio de que cede, o dono da baleeira, pide algo?

Sra alcaldesa: non pide nada, falou co de costas, me comentou que quer a empresa facer un centro de interpretación como escola dedicada a vela e facer unha serie de obras pero estan en estudo con patrimonio, costas, vai para tempo.

Sr Domínguez Louro: dependerá do plan xeral tamen.

Sra alcaldesa: habería que facer un Plan especial. Engadir que quería solicitar a costas a concesión para rehabilitar o muro e a rampa, o que estiveramos nunha comisión falando del, para poder rehabilitado exige unha concesión e estaban interesados en solicitala e rehabilitar o muro, facer un centro de interpretación, escola de vela e outra zona no boceto que ensinaron para acampada nunha zona, acampada e outra autocaravanas pero eso é un boceto, están mirando e suxeito a un plan especial e aprobación polo concello, non presentaron nada, solo manifestaron como tamén viñeron outros veciños de Gures para poñer autocaravanas noutra zona e teñen que vir falar co técnico, e ver si se pode facer ou non.

Sr Domínguez Louro: solo preguntaba para ter información, e sacaremos conclusións co que me acaba de contestar, por agora, xa me vale.

Ás 20:17 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán